

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezasete horas e quince minutos do día vinte e sete de decembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

URBANISMO E VIVENDA

1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 19 DE DECEMBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 22.540.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.545.- A José Barreiro Sotelo, con enderezo, na Avda. de Marín, nº 23-3º esq.-Cangas, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.589.- A Luis Martínez Domínguez, con enderezo en Estrada a Bueu, nº 51-Piñeiro-Aldán, para en Piñeiro-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 64,20 m²., de soto, 110,25 m²., de planta baixa e 87,70 m²., de primeiro andar e un cerramento de 36,00 metros, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, Javier Rial Lemos, de decembro de 2010 e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 30 de marzo de 2011.

EXPEDIENTE Nº 23.880.- A Angélica Costa Castro, con enderezo na Avda. Castroviejo, nº 59-Coiro, para no referido lugar, en solo urbano de núcleo rural, regulando pola Ordenanza 9, conservar e mellorar unha vivenda unifamiliar de 65,73 m²., de planta baixa e primeiro andar, de conformidade co proxecto de execución do arquitecto, Manuel Angel Rodríguez Filgueira, de data 9 de setembro de 2013, condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en escrito de data 13 de febreiro 2012, e autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 14 de febreiro de 2013, oficios de dirección e estudo de seguridade.

No presente expediente tamén se solicitaba un porche e unha edificación adxectiva, o cal foi denegado.

EXPEDIENTE Nº 24.601.- A MARÍTIMO RODEIRA, S.L., con enderezo en Reboredo, nº 32- Coiro, para en Ourelo-Darbo, en solo urbano de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 56,44 m²., de soto, 81,83 m²., de planta baixa, 86,03 m²., de primeiro andar e 40,14 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, José Díaz de la Iglesia, de maio de 2013, condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de data 10 de xullo de 2.013, e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 23 de xullo de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.374.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.378.- A María Isabel e Daniel Pérez Millán, con enderezo en Rúa San Xosé, nº 58-2º esq.-Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ó proxecto reformado visado con data 22 de novembro de 2013 que contempla unha edificación de 107,01 m²., de planta baixa cerrada e 67,45 m²., aberta.

1.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por "PISCÍCOLA DO MORRAZO, S.A.", Ref. Expte. A-P0-2013/173, para instalación solar fotovoltaica, nos Castros-Nerga-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de espazos naturais e solo non urbanizable de protección de costas.*

De acordo co establecido na disposición transitoria primeira f) da Lei 9/2002, será de aplicación o establecido no art. 39 da referida lei.

Deberase tramitar autorización autonómica e xuntar os informes sectoriales que sexan de aplicación."

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN", Ref. Expte. A-P0-2013/162, para instalación de liña de media tensión subterránea e centro de transformación en Santa Marta-Darbo:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de costas.*

De acordo co establecido na disposición transitoria primeira f) da Lei 9/2002, será de aplicación o establecido no art. 39 da referida lei.

Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Deberán presentar proxecto técnico completo, que en calquera caso deberá detallar de forma pormenorizada e a escala adecuada o trazado das canalizacións e as reposicións do sistema viario.

Requirirase informe sectorial favorable de costas".

1.A.3) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 23.803.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARÍA FERNÁNDEZ REFOJOS E JULIO FERNÁNDEZ CANCELAS.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 18 de decembro do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a María Fernández Refojos e Julio Fernández Cancelas, con enderezo en Boubeta, s/n-Coiro, para vivenda, sita en Boubeta-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal N° 22.822.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

1.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.350.- A "MARÍTIMO RODEIRA, S.L.", con enderezo en Reboredo, nº 32-Coiro, para en Ourelo-Darbo, construír un cerramento de 37,87 ml., de conformidade co proxecto presentado de datas 6 de setembro do 2012 e 9 de xullo do 2013, e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras en escrito de data 27 de marzo do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.351.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Baixada a Liméns-O Hío, executar unha canalización de 204,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de MIL NOVECIENTOS OITENTA E CATRO CON SETENTA EUROS E CATRO CÉNTIMOS (1.984,74 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

*** Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

EXPEDIENTE Nº 24.715.- A Claudio Lagoa Rodal, con enderezo en Rúa Cela, nº 8-Cangas, para no referido lugar, reparar a cuberta en 154,26 m²., de conformidade co proxecto de outubro de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.754.- A José Antonio Novas Martínez, con enderezo en Longán, nº 50-2ºD-Coiro, para nas Gruncheiras-Coiro, construír un cerramento de 24,10 ml., de conformidade coa documentación presentada de datas 2 de setembro e 29 de novembro de 2013, e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras en escrito de data 15 de xullo de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.780.- A Moisés Barcia Rodríguez, con enderezo na Retirosa, nº 87-Coiro, para no referido lugar, instalar un vestíbulo de aluminio e cristal na vivenda nunha superficie de 11,68 m²., de conformidade coa documentación presentada o 4 de novembro de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.785.- A Zoraida María Avendaño Paredes, con enderezo na Avda. Xosé María Castroviejo, nº 18-Rodeira- Coiro, para no referido lugar, efectuar o cambio de material de cubrición en vivenda en 91,16 m²., e 32,00 m²., de reparación de fachada norte, de conformidade co proxecto de setembro de 2013, e condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en escrito de data 31 de outubro de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.802.- A Manuel Fernández Fernández, con enderezo en Baixada a Francón, nº 4-Aldán, para no referido lugar, construír unha caseta prefabricada de 18,75 m²., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.825.- A David Saavedra López, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Antonio Nores, nº 28-baixo-Cangas, para en Rúa Carlos Casares, nº 10-Coiro, pintar os voladizos da cuberta en 35,00 m²., de conformidade coa documentación presentada.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.837, abstívose o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.837.- A "CUNCHIDO DE AARON; S.L.", con enderezo en Cunchido de Arriba, s/n-Darbo, para no referido lugar, executar repárácións

exteriores en edificación existente en 175,10 m²., desmontar un muro de contención existente e construír outros dous tramos de 35,70 m²., e 14,42 m²., de conformidade co proxecto de outubro de 2013.

Acéptase a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 18 de decembro de 2013.

EXPEDIENTE N° 24.841.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 104-Vigo, para en Liméns-O Hío, executar 6,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 2483133030093, de 21 de outubro de 2013 e coas seguintes condicións:

* Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200, 00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da emprea a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

*** Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

EXPEDIENTE N° 24.846.- A Juan Pérez Fernández, con enderezo na Avda. de Marín, nº 5-Cangas, para en Erbello, nº 4-Aldán, executar reparacións interiores e exteriores en terraza de edificación existente de 16,40 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.853.- A Manuel Justo Hermo, con enderezo en Rúa Cronista Rodríguez Elías, nº 2, P2, 2ºJ -36209-Vigo, para en Gandón-Aldán,

legalizar as seguintes obras de conservación e mantemento: 54,00 m2., de limpeza e encintado de paredes exteriores de pedra, 45,00 m2., das mesmas paredes pero interior, 30,00 m2., de cambio de tella e 15,65 m2., de soleira de formigón, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.858.- A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Paraíso-Toxeira, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

* As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de MIL NOVECIENTOS OITENTA E CATRO CON SETENTA EUROS E CATRO CÉNTIMOS (1.984,74 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

*** Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

EXPEDIENTE Nº 24.866.- A Clemente Bernárdez Fonseca, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 1-5ºB-Cangas, para en Cunchido, nº 1-Darbo, cambiar a tella da cuberta nunha superficie de 420,00 m2., de conformidade co proxecto de maio de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.871.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 104-Vigo, para en Ameles-O Hío, executar 17,00

metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade.co proxecto SGD 248313050085, de 21 de novembro de 2013 e coas seguintes condicións:

* Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200, 00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

*** Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO GASTO REALIZADO E APLICADO DA OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE CANGAS, DURANTE O PERÍODO ESTIMADO CON ANTERIORIDADE DO MES DE DECEMBRO DO 2013, CON CARGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE CANGAS.

Á vista do informe de Intervención, de data 20 de decembro de 2013, en relación á xustificación dos gastos de mantemento da Oficina de Rehabilitación do Casco Vello de Cangas durante o mes de decembro do ano 2013, segundo o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Cangas asinado en data 17 de xuño de 2013, propónse á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte acordo:

"APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO GASTO REALIZADO E APLICADO DA OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE CANGAS DURANTE O PERÍODO ESTIMADO CON ANTERIORIDADE DO MES DE DECEMBRO DO 2013

CON CARGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE CANGAS.

Primeiro.- Que en data do 17.06.2013 asínase convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de Rehabilitación- Portelos Únicos de información e xestión do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda, polo que o instituto aportaría para o exercicio do 2013 a cantidade de VINTE E CINCO MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (25.806,45 €), en concepto de axuda ós gastos de mantemento da Oficina Municipal de Rehabilitación-Portelo Único de Vivenda.

Segundo.- Que en data 3 de decembro remítese á Dirección Xeral do Instituto da Vivenda e Solo a previsión de gasto do mes de decembro e a xustificación dos gastos da Oficina de Rehabilitación-Portelo Único de Vivenda do Concello de Cangas durante o período 01/07/2013 ata 30/11/2013 que ascenden á cantidade total de CORENTA E SEIS MIL TRESCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (46.396,60 €).

Terceiro.- Que os gastos da Oficina de Rehabilitación-Portelo Único de Vivenda do Concello de Cangas durante o mes de decembro do ano 2013, ascenden á cantidade total de SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON UN CÉNTIMO (6.758,01 €), desagregados como a continuación se relacionan:

Denominación	Importe total do mes de decembro	Data do pago nómina	TOTAL DECEMBRO
Arquitecta (Ma Isabel Medraño Fariña)	1.674,90 € (Bruto)	19/12/2013	1.674,90 €
Arquitecta técnica (Ma Carmen Gómez Cancela)	1.729,29 € (Bruto)	19/12/2013	1.729,29 €
Delineante (Antonio Fernández Fandiño)	847,21 € (Bruto)	19/12/2013	847,21 €
Aux. administrativa (Ma Angeles Fernández López)	1.693,13 €(Bruto)	19/12/2013	1.693,13 €
Limpadora (María Luz Bermejo Caeiro)	813,48 € (Bruto)	19/12/2013	813,48 €
		TOTAL DECEMBRO	6.758,01 €

Sendo polo tanto o importe total dos gastos sumados do segundo semestre os 46.396,60 €, xustificados do período do 01/07/2013 ata 30/11/2013, mais os 6.758,01 € do mes de decembro de 53.154.61 €.

Cuarto.- Que o Concello de Cangas contabilizou e pagou os gastos do período 01/12/2013 ata 31/12/2013 de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto

193/2011, do 6 de outubro, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en concepto de gastos de mantemento da oficina municipal de rehabilitación que fai as veces de portelo único de vivenda.

Quinto.- Que de acordo co informe emitido en data 19 de decembro do 2013 pola arquitecta- directora da Oficina de Rehabilitación, os gastos efectivamente realizados no mes de decembro referidos á Oficina de Rehabilitación Municipal deste concello, foron aplicados para o fin previsto, para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a conta xustificativa transcrita anteriormente, referente ó gasto realizado da Oficina de Rehabilitación do Casco Vello de Cangas, durante o período estimado con anterioridade do mes de decembro do 2013.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

3º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

3.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 25/2010, DERIVADO DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 78/2010, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº2 DE PONTEVEDRA.

Examinada a proposta da Alcaldía de data 19.12.13, referente ó procedemento de execución definitiva nº 25/2010, derivado do procedemento ordinario nº 78/2010, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 25/2010 DERIVADO DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 78/2010, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA (X-10/15).

Visto o contido da Sentenza nº 120/2011, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 78/2010, seguido a instancias da mercantil 'ORTO PARQUES Y JARDINES, S.L.', da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local de 27/04/2010, que condenaba ao concello ao pagamento de 44.148,39 € máis os xuros legais que desde 21/07/2009 se seguirán devindicando, de acordo art. 99.4 LCAP, máis os 5.461,00 € de xuros xa vencidos a 20/07/2009, co xuro legal desde a interposición do recurso xudicial (4/03/2010) ata total pago por acordo de Xunta de Goberno Local de data 17/10/2011, foron recoñecidos 5.461,00 € en concepto de xuros xa vencidos a 20/07/2009.

Visto que unha vez satisfeito o principal por Decreto de data 31/07/2013 (notificado o 27/09/2013), foi aprobada a liquidación de xuros presentada pola representación da mercantil en contía de 3.941,86 € e por acordo de Xunta de Goberno Local de data 30/09/2013 foi recoñecida a citada contía creando o asento contable nº 012909.

Resultando que por tal motivo se estaría a incorrer nunha duplicidade contable cómpre proceder a súa depuración dando de baixa na contabilidade municipal o citado asento nº 012909 e reducindo o asento contable nº 002695, pola diferenza existente ata os 3.941,86 € fixados polo Decreto do Xulgado de data 31/07/2013 polo que se liquidaron os xuros pendentes.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal o asento nº 012909 por contía de TRES MIL NOVECIENTOS CORENTA E UN EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (3.941,86 €), recoñecido por acordo de Xunta de Goberno Local de 30/09/2013 e reducir o asento contable nº 002695 pola diferenza de tal xeito que a súa contía quede nos TRES MIL NOVECIENTOS CORENTA E UN EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (3.941,86 €), fixados no Decreto do Xulgado de data 31/07/2013.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ó procedemento de execución definitiva nº 25/2010, derivado do procedemento ordinario nº 78/2010, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

3.B) DAR CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA RECAÍDA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 104/2013-C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 223/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 104/2013-C.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL POLO CONTRATO DE ADQUISICIÓN DAS PARCELAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO CENTRO DE SAÚDE NAS PARROQUIAS DE ALDÁN-O HÍO.

Visto o informe emitido en data 26.12.13 pola secretaria do Concello de Cangas, referente á solicitude de devolución de aval polo contrato de adquisición das parcelas para a construción de un novo centro de saúde nas parroquias de Aldán-O Hío, que di o seguinte:

"Solicitado informe a esta Secretaría sobre a posibilidade de proceder á devolución de garantía constituída por Salvador Dasilva Hermelo como administrador único da sociedade 'IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.', no expediente de adquisición de parcelas para a construción de un novo centro de saúde nas parroquias de Aldán-O Hío, Concello de Cangas.

INFORMO:

Que a cláusula décima do do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato dispón que: 'A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.'

Que a a cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato establece o prazo de garantía dun ano a contar desde a adxudicación definitiva, que se efectuou mediante decreto de Alcaldía de data 3 de febreiro de 2010.

Que a xuízo desta Secretaría, procede a devolución do sinalado aval, de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato, por ter transcorrido máis de un ano desde a data de adxudicación definitiva da adquisición das parcelas propiedade de 'IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.', identificadas co número 1, 2, 3, 4, 9, e 10, sitas no lugar de Vilariño-Liméns, para destinalas á construción de un novo centro de saúde nas parroquias de Aldán-O Hío; sen que a administración formalizase reparo ou denuncia ningunha."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe de Secretaría transcrito anteriormente, referente á solicitude de devolución de aval polo contrato de adquisición das parcelas para a construción de un novo centro de saúde nas parroquias de Aldán-O Hío.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as dezasete horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.